



Confederación Intersindical Galega

TRANSFERENCIA DE TRABALLO ENTRE CSD'S

Fai un ano celebrouse unha comisión de xestión na que os responsables de CSD's e Operacións informaban á representación dos traballadores da reorganización dos centros de supervisión e diagnóstico. Tal e como se informou, estes cambios establecían territorios e segmentos de clientes perfectamente definidos e que serían atendidos en centros específicos.

Sen embargo o martes día 8 de setembro, foron tramitadas no CSD-A Coruña averías do territorio de Cataluña. Un feito do que non foi informado a representación de traballadores. O motivo da transferencia, parece ser, era o alto número de averías rexistradas no CSD-Barcelona debido a tormentas (causas de forza maior?). **Pero: se pode explicar que as averías fosen tramitadas con códigos de operadores que non se usan ou non están dados de alta?**

Esta semana o feito volveuse a repetir. As causas son, ao parecer, o festivo local en Barcelona no que quedaban sen o persoal necesario para atender as averías. Desta, xa se utilizou un modus operandi máis depurado. Con reparto de provincias entre varios CSD's, alta de claves de mecánicos, ou mesmo novas ventanas en aplicacións corporativas. **Hai que ter en conta que no comité de Barcelona negociouse sen chegar a un acordo coa empresa no tema de gardas en festivos locais.**

As causas descritas parecen responder a unha necesidade da empresa en flexibilidade de persoal e de atención de averías (como en comercial), pero en todo caso deberíase informar á representación dos traballadores de este tipo de actuacións para establecer por acordo cales serían as causas e os procedimentos que xustifiquen estas transferencias, de non ser así poderíase chegar aos extremos (delictivos?) de transferir traballo en xornadas de folga, nas que hipoteticamente existan provincias con maior seguimento. **Esto último, desgraciadamente, xa ocorreu no paro do 4 de xuño cando en Barcelona o seguimento foi tan alto que provocou que algunhas averías urxentes foran tratadas en A Coruña.**

Dende a CIG denunciámos este tipo de actuacións nas que se non se establecen as normas que definen as nosas condicións laborais. Por elo solicitamos unha reunión urxente co responsable dos CSD's para que aclare cales son os criterios, quen autoriza este tipo de transferencias de carga de traballo entre estes centros e para tratar temas pendentes como a organización definitiva do CSD en Espiño e aclaración aos últimos movementos de persoal, ampliación de territorios, etc.

**NON FACILITES A EMPRESA A DESTRUCCIÓN DO TEU
POSTO DE TRABALLO**